



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA
http://www.sghn.org e-mail: sghn@sghn.org CIF: G:15037211

1/1

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 11/10/2017 12:52:17

ENTRADA 22882 / RX 2507368



Sra. Conselleira
Consellería de Medio Ambiente e
Ordenación do Territorio
Xunta de Galicia

ASUNTO: Terceira resposta insatisfactoria á pregunta sobre axotamento de porco bravo (*Sus scrofa*) no "Canaval do Ulla" dentro da "ZEC ES1140001 Sistema fluvial Ulla-Deza".

Sra. Conselleira,

O pasado día 3 de outubro SGHN recibiu unha terceira resposta, novamente insatisfactoria, á pregunta sobre axotamento de porco bravo (*Sus scrofa*) no "Canaval do Ulla" dentro da "ZEC ES1140001 Sistema fluvial Ulla-Deza". En dita resposta a Directora Xeral de Patrimonio Natural autorizaba nominalmente ao Presidente de SGHN para que ao día seguinte entre as 9 as 14 h, na Xefatura Territorial da CMAOT da Coruña, accedesê ao expediente de autorización do axotamento en cuestión.

Como a Directora Xeral de Patrimonio Natural semella ignoralo ou esquecelo deliberadamente, permítome respetuosamente salientarlle o seguinte:

1. SGHN é unha asociación sen ánimo de lucro sostida dende hai máis de 44 anos grazas á dedicación altruista e voluntaria de socios e simpatizantes no seu tempo libre.
2. "Autorizar" o acceso a un expediente en xornada e horario laboral en A Coruña a unha persoa que reside e traballa en Santiago de Compostela (como ben sabe) pon claramente de manifesto a vontade da Directora Xeral de Patrimonio Natural de facilitar o acceso á información solicitada.
3. Nos últimos anos SGHN ven respostando anualmente a 100-150 solicitudes de informes sobre proxectos e normativa diversa remitidos pola Consellería que vostede preside, tanto dos servizos centrais en Santiago de Compostela como das Xefaturas Territorias nas catro provincias galegas. As persoas que solicitan ditos informes reciben a resposta de SGHN por valixa de rexistro na súa mesa de traballo e na súa xornada laboral. Imaxínese vostede por un momento que SGHN respostase dicindo que a persoa que asina a solicitude de información (sexa vostede, algunha das súas Directoras Xerais ou Xefes Territoriais), tiña que pasar persoalmente a consultar o informe na sede de SGHN no horario que SGHN considerase conveniente. Seguramente dito funcionario ou cargo de libre designación consideraría inaceptable a resposta de SGHN. Do mesmo xeito SGHN considera inaceptable a resposta da Directora Xeral de Patrimonio Natural.

Polo devandito, en nome de SGHN, solicítolle de novo unha copia completa dos informes que levaron á autorización do axotamento de porco bravo (*Sus scrofa*) no "Canaval do Ulla" dentro da "ZEC ES1140001 Sistema fluvial Ulla-Deza" en plena tempada de reprodución e crianza da fauna silvestre.

En Santiago de Compostela a 11 de outubro de 2017


Serafín González Prieto
Presidente SGHN

